

MEMORIA ANUAL 2025



Asociación
Plataforma
polo Emprego

Plataforma polo Emprego
G 15795818

Rúa Concheiros, 33 1º andar
CP 15703 Santiago de Compostela
A CORUÑA

981 580 506
info@plataformapoloemprego.org

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2025

O presente documento recolle a **Memoria de Actividades correspondente ao ano 2025** da **Asociación PLATAFORMA POLO EMPREGO**, na que se detallan as actuacións máis relevantes levadas a cabo ao longo do exercicio, en consonancia cos fins e obxectivos que orientan a actividade da entidade.

PLATAFORMA POLO EMPREGO quiere expresar o seu agradecemento a todas as entidades públicas e privadas, así como ás persoas que, de maneira continuada ou puntual, colaboraron coa asociación na promoción da inserción laboral e da integración social de persoas en situación de exclusión social.

Así mesmo, agradece de maneira especial a todas as persoas que participaron nas actividades, programas e proxectos desenvolvidos ao longo do ano 2025, cuxa implicación fai posible o labor da entidade.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	04
ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E SERVIZOS PRESTADOS.....	05
Programa ESTEO	06
Programas EMERXENDO/ACHEGANDO	07
Programa INSIRE	08
CABO DELA	09
ACAROAR	10
COMPOSTELA CONVIVE	11
PACTO LOCAL POLO EMPREGO	14
SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL	
Colaboración Servizo Público de Emprego de Galicia.....	15
TRABALLO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL	
Programas de Cooperación.....	16
PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDEMENTO	
Compostela Inserta.....	17
TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL	
Asociación XIARA.....	22
Foro Galego de Inmigración.....	24
DATOS DAS ACTIVIDADES E/OU SERVIZOS REALIZADOS 2025.....	25
FINANCIAMENTO concedido 2025.....	27

INTRODUCCIÓN

PLATAFORMA POLO EMPREGO continúa no ano 2025 coa súa misión de promover a inserción laboral e a integración social de persoas e colectivos en situación ou risco de exclusión, mantendo un compromiso firme coa transformación social que vén desenvolvendo desde 1998. Ao longo destes anos, a entidade consolidouse como un referente no ámbito do emprego en Santiago de Compostela e a súa contorna, ofrecendo servizos integrais de orientación laboral, formación, intermediación e acompañamento á inserción, así como impulsando a economía social, coa xestión dunha das primeiras empresas de inserción constituídas en Galicia.

O ano 2025 estivo marcado por un contexto social e laboral complexo, condicionado por profundas transformacións estruturais e por un escenario internacional inestable. A dixitalización e a automatización continúan a redefinir os sectores produtivos, xerando novas oportunidades de emprego pero tamén importantes barreiras de acceso para aquelas persoas con menores competencias dixitais ou traxectorias formativas máis fráxiles. Neste marco, a formación e a cualificación profesional adquiren unha relevancia central, especialmente en sectores emerxentes como a economía verde, as enerxías renovables ou os servizos de coidado, claves para responder ao progresivo envellecemento da poboación galega.

Ao mesmo tempo, o endurecemento das políticas migratorias a nivel europeo e internacional, xunto coa persistencia de conflitos e crises humanitarias, segue a ter un impacto directo na realidade social e laboral do noso territorio. As persoas migrantes afrontan maiores dificultades para regularizar a súa situación administrativa, acceder a un emprego digno e exercer plenamente os seus dereitos, o que incrementa as situacións de vulnerabilidade e exclusión social. A isto súmase a crise da vivenda, convertida xa nun dos principais problemas sociais, cun incremento sostido dos prezos do alugueiro e unha escaseza de vivendas accesibles que limita gravemente a autonomía económica e os procesos de inserción laboral. Así mesmo, persisten desigualdades estruturais como a fenda de xénero, as dificultades das persoas mozas para acceder a emprego estable e a precariedade laboral en sectores con alta rotación.

Neste contexto, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** reforzou o seu labor cunha aposta decidida pola innovación social, o acompañamento personalizado e o traballo en rede con administracións públicas, empresas e entidades sociais. No ano 2025, e no marco da súa aposta polo traballo co colectivo migrante, a entidade desenvolveu, en colaboración co Foro Galego de Inmigración e co Concello de Santiago de Compostela, un servizo pioneiro de mediación intercultural, que obtivo resultados moi positivos, ao tempo que se ampliaron de forma significativa as accións do Programa Compostela Convive.

No ámbito da economía social, a entidade asumiu novamente a Presidencia de AEIGA (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia) e a Secretaría do Foro pola Economía Social Galega, reafirmando o seu compromiso cun modelo económico máis xusto, inclusivo e sustentable. A través da orientación especializada, da formación e do impulso da economía social, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** continúa traballando para que ningunha persoa quede atrás e para contribuír activamente á construción dunha sociedade máis cohesionada e inclusiva.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS E SERVIZOS PRESTADOS

ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E ACOMPAÑAMENTO Á INSERCIÓN SOCIOLABORAL

Durante o ano 2025, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** reforzou os seus servizos integrados de emprego, centrados na orientación, a formación e o acompañamento personalizado. Neste contexto, o **Programa ESTEO**, financiado pola Fundación José Otero e Carmela Martínez, consolidouse como un espazo innovador en Galicia para a procura de emprego colaborativa entre persoas con diferentes perfís e traxectorias.

Así mesmo, reforzáronse colaboracións clave con administracións públicas, desenvolvendo programas que obtiveron resultados moi positivos no acompañamento á inserción sociolaboral de persoas en situación de vulnerabilidade, entre os que destacan: **EMERXENDO** e **ACHEGANDO** (Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade); **INSIRE** (Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade); **CABO DELA** (Deputación da Coruña); **ACAROAR** (Concello de Santiago de Compostela – Igualdade); **COMPOSTELA CONVIVE** (Concello de Santiago de Compostela – UAMI); **PACTO POLO EMPREGO** (Concello de Santiago de Compostela – Departamento de Emprego) e **REDE DE ORIENTACIÓN LABORAL** e **REDE DE TÉCNICOS/AS DE EMPREGO** (Xunta de Galicia – Consellería de Emprego, Comercio e Emigración)

O equipo técnico de **PLATAFORMA POLO EMPREGO** participou tamén activamente en espazos de encontro e reflexión sobre empregabilidade e desenvolvemento profesional, como o **TALENTIA SUMMIT 2025**, evento de referencia para a promoción do talento e a mellora da empregabilidade en Santiago de Compostela.

PLATAFORMA POLO EMPREGO configúrase como unha rede social activa e comprometida, na que participan entidades de carácter social de Santiago de Compostela e da súa área de influencia. Entre elas atópanse a Asociación de Empregadas/os de Fogar Xiara, Asociación Fonte da Virxe, Asociación de Mulleres Recandea, Asociación Veciñal A Xuntanza, Asociación Veciñal Polígono de Vite, Asociación de Empresas de Inserción de Galicia, Foro Galego de Inmigración, Centro de Traballo e Cultura de Cáritas Interparroquial de Santiago, Coordinadora do Barrio de Vite, Cruz Vermella de Santiago, Andaina (Pro-Saúde Mental), Acción Contra a Fame, Sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela, Fundación Laboral da Construción de Galicia, Fundación Secretariado Xitano e os Equipos de Inclusión Social de Ames, Arzúa, Noia e Santiago.

Desde a súa vocación de traballo en rede, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** continuou impulsando no ano 2025 a coordinación con outras entidades sociais e coas administracións públicas, mantendo unha colaboración activa cos **Equipos de Inclusión Social** e con **distintos concellos**. Do mesmo xeito, reforzou o seu papel no desenvolvemento das Empresas de Inserción Laboral en Galicia.

Como entidade cofundadora da **Asociación de Empresas de Inserción de Galicia**, forma parte de redes estratéxicas como o **Foro pola Economía Social Galega**, **Compostela Integra**, o **Pacto polo Emprego de Santiago de Compostela**, a **Rede Eusumo** (rede institucional da Xunta de Galicia para a promoción da economía social e o cooperativismo) e a **Rede de Técnicos/as de Emprego e Orientación Laboral da Xunta de Galicia**.

A través destas actuacións, **PLATAFORMA POLO EMPREGO** continuou fortalecendo o seu compromiso coa inclusión social e laboral, facilitando itinerarios de inserción adaptados ás necesidades das persoas participantes e promovendo novas oportunidades de acceso a un emprego digno e de calidade.

PROGRAMA ESTEO

O **Programa ESTEO** é unha iniciativa innovadora orientada á inserción sociolaboral de persoas desempregadas ou en situación de precariedade laboral. O seu obxectivo principal é crear e acompañar equipos de persoas participantes, ofrecéndolles ferramentas de traballo individual e grupal que lles permitan mellorar as súas competencias, reforzar a súa autonomía e facilitar o acceso a un emprego digno.

A intervención realízase a través dun sistema aberto e dinámico, que combina accións individuais e grupais mediante unha metodoloxía proactiva e participativa. O programa inclúe **orientación e información laboral, desenvolvemento persoal, capacitación para o emprego e asesoramento individualizado, así como dinámicas grupais orientadas á mellora das competencias laborais e ao reforzo da confianza persoal.**

O factor diferencial do **Programa ESTEO** reside no apoio do grupo e na guía especializada das profesionais de **PLATAFORMA POLO EMPREGO**, xerando un espazo colaborativo de aprendizaxe mutua no que cada persoa pode avanzar no seu proceso de inserción laboral.

Entre as principais **actividades** desenvolvidas inclúense:

- ✓ apoio técnico especializado, tanto individual como grupal
- ✓ desenvolvemento de ferramentas para o emprego, incluíndo habilidades psicosociais e estratexias de procura activa
- ✓ capacitación no uso de recursos dixitais e TIC para a busca de emprego
- ✓ estudo e apoio a ideas emprendedoras, facilitando información e acceso a formación específica para o autoemprego.

O grupo mantense activo tamén a través dun espazo virtual de comunicación que favorece o intercambio de información e oportunidades laborais.

Destinatarias/os: persoas desempregadas en situación de vulnerabilidade social e/ou precariedade laboral

Entidades colaboradoras: FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ



Imaxe das sesións grupais ESTEO 2025

Financia
FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ
José Otero - Carmela Martínez

Programa ESTEO

Asociación Plataforma polo Emprego

ACCIÓNES GRUPAIS

Mércores de MAIO a SETEMBRO de 2025
Primeira actividade grupal: 18 xuño.

De 9h a 14h

CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTIÑAS
(R/ Berlín, 13)

Dirixido a persoas en situación de desemprego ou emprego precario.

Colabora

CONCELLO DE SANTIAGO

Cartel informativo da actividade

Programa Emerxendo /Programa Achegando

Os Programas **EMERXENDO** e **ACHEGANDO** desenvólvense no marco das Políticas de Inclusión Social da Xunta de Galicia e execútanse a través dun traballo en rede no que participan as entidades que integran PLATAFORMA POLO EMPREGO, en coordinación cos Equipos de Inclusión Social de Ames, Arzúa, Noia e cos concellos da comarca de Santiago de Compostela.

Obxectivo xeral

Contribuír á integración social de persoas desempregadas e en risco de exclusión social, mellorando a súa cualificación socioprofesional mediante a formación en competencias básicas e o acompañamento personalizado cara ao emprego. De maneira transversal, promóvese tamén o achegamento entre a cultura galega e as culturas de orixe das persoas migrantes participantes, favorecendo procesos de inclusión social e convivencia intercultural.

Actividades

➤ ITINERARIOS DE INCLUSIÓN BÁSICA E TRANSICIÓN AO EMPREGO

Contemplan o desenvolvemento de itinerarios individualizados, personalizados e adaptados a cada persoa participante. Esta actuación implica a realización de accións informativas e formativas de asesoramento e orientación para a procura de emprego; acompañamento social e intermediación laboral, logrando así dar respostas - a través dun proceso de aprendizaxe continuo - ás necesidades sociolaborais das persoas integrantes do programa.

➤ FORMACIÓN ADAPTADA DO PROGRAMA EMERXENDO:

- **Curso de preparación de Competencias Clave nivel 2:** formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade. Durante o ano **2025**, foi realizado **01 curso** de preparación das competencias claves nos concellos de **Noia**.

➤ FORMACIÓN ADAPTADA DO PROGRAMA ACHEGANDO:

Achegando, Inmersión Lingüística e Cultural (ILC) contempla o desenvolvemento de actividades para o coñecemento e o estudo histórico-cultural da sociedade galega e española, a través dun proceso de inmersión lingüística que favoreza o desenvolvemento da vida diaria e o uso das linguas oficiais de Galicia. Da mesma maneira, tamén se traballa na adquisición de habilidades comunicativas e sociais e no coñecemento da cultura da localidade de acollida.



Foron realizados **02 cursos de ILC en Santiago de Compostela**, **01 en Arzúa**, **01 en Boiro** e **01 curso en Padrón**, en colaboración cos correspondentes Equipo de Inclusión Social da área.

Persoas destinatarias

As persoas destinatarias son identificadas cos criterios indicados na Lei Galega de Inclusión Social (Lei 10/2013, do 27 de novembro) e/ou persoas que pola súa situación actual poden estar en risco de exclusión social.

O número total de persoas beneficiarias dos Programas Emerxendo e Achegando foi de **145** participantes.

Entidades financiadoras:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE / FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

Programa INSIRE

O Programa **INSIRE** busca facilitar a inserción sociolaboral de colectivos en situación de vulnerabilidade a través dun enfoque integral que combina orientación, formación e acompañamento individualizado. Para iso, coordina accións con distintas entidades, garantindo unha intervención axustada ás necesidades específicas de cada participante.

Obxectivo xeral:

O Programa INSIRE pretende mellorar as oportunidades de acceso ao emprego de persoas en risco de exclusión social a través de itinerarios personalizados que inclúen asesoramento profesional, capacitación e intermediación laboral, respondendo ás súas particularidades específicas.

Actividades desenvolvidas:

- Diagnóstico individualizado de necesidades e itinerarios personalizados.
- Formación individual e grupal en capacidades laborais, educativas, de saúde e vivenda.
- Coordinación con Servizos Sociais e outros recursos para superar atrancos sociofamiliares.
- Adestramento en habilidades sociais e competencias transversais para o emprego.
- Captación de ofertas formativas e de emprego, así como a derivación ás mesmas e o seguimento da participación das persoas usuarias nos distintos recursos de inserción laboral.
- Prospección laboral, co obxectivo de identificar novas oportunidades de emprego e facilitar procesos de inserción acordes aos perfís profesionais das persoas participantes.
- Información e asesoramento sobre relacións laborais e regularización de situacións de migración.
- Seguimento de itinerarios e apoio en postos de traballo.



Persoas destinatarias: O Programa INSIRE atendeu a un total de **61 persoas** en situación administrativa irregular, así como a persoas con baixa cualificación, persoas novas con necesidades específicas de apoio á inserción sociolaboral e persoas migrantes acollidas en centros de acollida para solicitantes de Protección Internacional.

Colaboracións e redes de traballo

Para a posta en marcha do programa establecéronse colaboracións con: Entidades que integran a Plataforma polo Emprego, Rede Veciñal de Apoio a persoas refuxiadas, Servizo Municipal de Mediación Comunitaria Intercultural e Foro de Migracións; Albergue Municipal Xoan XXIII, Rede de entidades do 3º sector de Santiago; Centros de ensino medio de Santiago de Compostela - IES Fontiñas, IES Antón Fraguas e IES Xelmirez I, CIFP Compostela e CIFP Santiago; ONG RESCATE, que xestiona centros de acollida en Monte do Gozo e Roxos-Silvouta, Asociación Xera de tempo libre, Redes sociocomunitarias dos barrios de Vite e Fontiñas.

Profesionais: O programa foi desenvolvido por un 1 técnico de orientación laboral, responsable das accións de atención, formación e acompañamento das persoas usuarias. Así mesmo, contou cos servizos, en réxime parcial, dunha orientadora especializada en prospección do mercado de traballo.

Entidade financiadora: CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CABO DELA

O programa **CABO DELA** é unha aposta decidida pola igualdade de oportunidades e polo empoderamento feminino. Está deseñado para facilitar a inserción sociolaboral das mulleres que, debido ao seu contexto social e/ou familiar, se atopan en situación de risco ou exclusión social. A través de accións formativas e dun acompañamento personalizado, o programa traballa a mellora das competencias laborais, o reforzo da autonomía persoal e o acceso a oportunidades de emprego.

Obxectivo xeral:

Promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral, reducindo as desigualdades que afectan ás mulleres con maiores dificultades de inserción mediante formación específica e apoio continuado, favorecendo a súa integración sociolaboral.

Actividades realizadas en 2025:

- **Itinerarios de adestramento e habilidades para a busca de emprego e apoderamento persoal** : realizáronse diferentes itinerarios de formación e asesoramento destinados a mellorar as competencias para a inserción laboral e fomentar o apoderamento das persoas participantes.
- **Formación especializada:**
 - ✓ **Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio**: curso dirixido a mellorar as capacidades das persoas coidadoras no ámbito domiciliario (50h)
 - ✓ **Curso de preparación de Competencias Clave nivel 2**: formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade (50h)
 - ✓ **Intelixencia artificial e a súa aplicación nas habilidades dixitais**: acción formativa centrada no desenvolvemento de competencias dixitais aplicadas ao contexto laboral (45h)



Curso de intelixencia artificial e aplicación nas habilidades dixitais

04 ao 14 de novembro de 2025
09h a 14h
Casa das Asociacións de Comers (Rúa Manuel Beiras, 3, Santiago)

Para máis información:
PLATAFORMA POLO EMPREGO
Rúa Concheiros, 31, 1º andar
Santiago de Compostela
981 38 02 00
699 196 088
604 029 931
info@plataformapoloemprego.org

FINANCIADA pola Deputación DA CORUÑA, a XUNTA DE GALICIA e a ASOCIACIÓN GALEGA DE OPORTUNIDADES SOCIAIS E LABORAIS.

COLABORA
SERVICIO DE EMPREGO

Actividade financiada pola Deputación Da CORUÑA, cun importe total do Programa de 11.760,38€ e coeficiente de 0,8000

FINANCIADA pola Deputación DA CORUÑA
E3-FOMENTO DO EMPREGO EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES. "CABO DELA" PROGRAMA CAPACITACIÓN PROFESIONAL

Formación transversal:

Ao longo do ano 2025, desenvolvéronse diversas accións formativas de carácter transversal, destinadas a reforzar as competencias persoais e profesionais das persoas participantes nos programas de inserción sociolaboral. As principais accións foron:

- ✓ **Apoderamento persoal e igualdade de xénero**: orientado a fortalecer a autonomía e as habilidades sociais das persoas participantes, promovendo a igualdade de oportunidades e a prevención de discriminacións no ámbito laboral e social.
- ✓ **Dispositivos e ferramentas dixitais para a inserción sociolaboral**: destinado a mellorar as competencias dixitais, facilitando o acceso a recursos en liña, a xestión de trámites administrativos e a procura activa de emprego mediante o uso de ferramentas dixitais.
- ✓ **Reforzamento dos sistemas de avaliación e traballo en rede**: fortalecéronse os mecanismos de seguimento e avaliación das accións formativas. Así mesmo, intensificouse a colaboración cos equipos de Inclusión Social da Xunta de Galicia e cos concellos da comarca, favorecendo unha intervención máis coordinada e eficaz.

Entidade financiadora: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

ACAROAR



O programa **ACAROAR** está deseñado para fomentar a **igualdade efectiva entre homes e mulleres**, especialmente nos ámbitos do traballo doméstico e dos coidados. Os seus obxectivos e actuacións están orientados a mellorar as condicións laborais e sociais das mulleres que traballan nestes sectores, promovendo a súa inserción laboral, a autonomía persoal e o acceso a recursos dixitais aplicados á mellora da empregabilidade.

Obxectivos do Programa:

- **Fortalecer e apoderar as persoas traballadoras do fogar e dos coidados**, a través dun acompañamento individualizado que contribúa á mellora das súas condicións laborais e sociais.
- **Promover emprego de calidade e en condicións dignas**, facendo especial fincapé no coñecemento e exercicio dos dereitos laborais e de seguridade social.
- **Impulsar a igualdade de xénero e combater a discriminación múltiple** que afecta ás persoas traballadoras do fogar e dos coidados por razón de xénero, orixe ou situación administrativa.
- **Favorecer a adquisición e uso funcional de competencias dixitais**, incorporando ferramentas TIC e recursos baseados en intelixencia artificial como apoio aos procesos de orientación, procura de emprego e desenvolvemento persoal.

Actividades desenvolvidas

- **Itinerarios personalizados de orientación sociolaboral e acompañamento á busca de emprego** para traballadoras do fogar e dos coidados.
- **Incorporación de recursos dixitais e ferramentas de intelixencia artificial de maneira transversal** nos procesos de orientación e acompañamento, adaptadas ao nivel e necesidades das participantes.

Persoas destinatarias:

Mulleres desempregadas e traballadoras do fogar e dos coidados que buscan mellorar as súas condicións laborais ou acceder a novas oportunidades de emprego.



Este programa está especialmente orientado a mellorar a situación de vulnerabilidade destas mulleres no mercado laboral, fomentando a súa autonomía e igualdade de oportunidades.

Entidade financiadora:

CONCELLO DE SANTIAGO - Igualdade

COMPOSTELA CONVIVE

O Proxecto **COMPOSTELA CONVIVE** ten como obxectivo fomentar a **integración sociolaboral e cultural das persoas migrantes** en Santiago de Compostela, creando espazos de convivencia e intercambio que faciliten a súa inclusión na sociedade.

Obxectivo xeral:

- Promover a integración sociolaboral e cultural das persoas migrantes a través de formación, encontros interculturais e eventos comunitarios.
- Sensibilizar a través de diferentes actividades de carácter cultural, que permitan visibilizar a diversidade que define a cidade.

Actividades:

1. Conversatorios

Compostela, cidade de acollida? [21/06/25]

Creación dun espazo para poñer e común e reflexionar sobre as percepcións das persoas migrantes sobre o escenario de acollida na cidade. Mediante unha dinámica lúdica e participativa foi posible coñecer en maior profundidade os diferentes contexto e tamén facilitar información sobre recursos dispoñibles que puideran ser de interese para as persoas participantes.

Compostela convive entreculturas [26/06/25]

Sesión adicada a coñecer o nivel de participación das persoas migrantes, co fin de promover unha maior presenza en comunidade, promocionando a convivencia e a creación dun tecido social comunitario.

2. XI Festival Intercultural

O domingo, día 7 de setembro, o Paseo Central da Alameda de Santiago de Compostela, acolleu un ano máis o Festival Intercultural. Unha xornada na que se celebran moitas das diferentes culturas que habitan a cidade, a través da gastronomía e contando tamén cunha mostra artística ao redor de ritmos, danzas, cancións e, en xeral, a diversidade de expresións das comunidades participantes.

Nesta XI edición, sumáronse 4 novas delegacións ás 6 que veñen participando ano tras ano, aumentando así o número de comunidades representadas. A Alameda ateigouse de veciños e veciñas da cidade, quen participaron no evento ao longo do día.



3. Xornadas interculturais

Nesta edición, ademais, realizáronse unhas xornadas interculturais que, dende diferentes ámbitos, abordaron a necesidade de coñecer e comprender outros contextos, creando espazos nos que confluír, co fin de sensibilizar sobre a diversidade que habita na cidade.

Neste senso, versando sobre diferentes relatos migratorios, tiveron lugar dúas actividades diferentes, que permitiron conversar ao redor destas pezas artísticas construídas ao redor dunha experiencia propia e en primeira persoa.

Por un lado, a **representación teatral** da obra *El sueño es vida*, na que Thimbo Samb, o seu protagonista, narra o seu propio traxecto migratorio a través desta expresión artística. Esta actividade celebrouse o día 21 de xuño no Teatro Principal. Trátase dunha obra producida por Teatro Sin Papeles, baixo a dramaturxia e dirección de Moisés Mató López.



Por outro lado, a **presentación do libro *Miñán (Hermanito)*** de Ibrahima Balde e Amets Arzallus celebrouse o día 18 de xullo na librería Numax. Nesta actividade contouse coa participación de Amets Arzallus, quen expón o proceso de escritura con Ibrahima e a súa labor como voluntario na Rede de Apoio de Irún, onde ambos se coñecen e onde comeza esta historia.

Ambas actividades contaron cun coloquio posterior no que as persoas asistentes participaron activamente.

Ademais, no seo deste programa, tamén tiveron lugar **tres xornadas gastronómicas**. Estes eventos culinarios tiñan como meta achegar unha parte da cultura de diferentes lugares a través do seus pratos tradicionais. Nesta edición contouse coa participación de cociñeiros afincados na cidade, que forman parte da hostalaría local, como son Sara Kim (Numaru · Corea), Tomás Rubio (A Viaxe · Perú) e os estudantes de cociña Moussa Fall e Sadio Cissokho, procedentes de Senegal, quen contaron coa colaboración de Kike Piñeiros (A Horta d'Obradoiro). Estas xornadas sucedéronse nos primeiros tres xoves do mes de xullo e tiveron lugar na Aula Gastrocultural do Mercado de Abastos.



4. Día Nacional de Perú

O día 27 de xullo tivo lugar unha mostra de baile tradicional - en formato pasarrúas - conmemorando deste xeito o día da Festa Patria de Perú.

Deste xeito, pequenas representacións de danzas orixinarias de diferentes lugares do Perú foron interpretadas polas rúas máis emblemáticas da cidade. No destino final, a Praza Roxa, os bailaríns e bailarinas volveron representar as pezas tradicionais congregando a decenas de persoas ao redor da praza.



Todas as actividades contaron cunha alta participación e demanda, afianzando os lazos da comunidade local. A boa acollida do programa, en xeral, deixou aforos completos nas tres xornadas gastronómicas e na librería Numax, así como unha platea chea no Teatro Principal, con máis de 300 convites retirados.

Persoas destinatarias:

- **Persoas migrantes** que buscan integrarse social e laboralmente.
- **Cidadanía en xeral**, promovendo a interacción e a sensibilización sobre a diversidade cultural.

A programación destas actividades, no marco do Programa Compostela Convive, contribúe á consolidación dunha cidade máis inclusiva e xusta día a día; apostando polo fomento da participación das persoas migrantes en comunidade, dun xeito activo e autónomo.

Entidade financiadora: CONCELLO DE SANTIAGO - Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, a través da UAMI

PACTO LOCAL POLO EMPREGO

O **Pacto Local polo Emprego** é unha iniciativa promovida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Mercados e Comercio do Concello de Santiago de Compostela que ten como finalidade, en colaboración coas entidades do tecido económico e social da cidade, impulsar actuacións orientadas á creación de emprego estable e de calidade.

Entidades participantes

Concellaría de Emprego e Igualdade (Concello de Santiago de Compostela), Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, Asociación de Empresarios de Hostalería de Santiago e a súa Comarca, Universidade de Santiago de Compostela, Comisións Obreiras, Unión Xeral de Traballadores e Asociación Plataforma polo Emprego.

Obxectivo xeral: mellorar as competencias formativas e sociolaborais das persoas en situación de desemprego, facilitando o seu acceso e inserción no mercado laboral.

Persoas destinatarias

- Persoas en situación de desemprego.
- Persoas con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo, pertencentes a colectivos en risco de exclusión social ou que presentan barreiras específicas para a súa inserción laboral.

Actividades desenvolvidas

- Curso de preparación de **Competencias Clave** nivel 2: formación específica para mellorar as habilidades básicas e facilitar o acceso a certificados de profesionalidade.
- Formación “**Técnicas de mobilización de persoas dependentes no domicilio**”: curso dirixido a mellorar as capacidades das persoas cuidadoras no ámbito domiciliario.
- **Píldoras formativas de orientación laboral personalizada. TALENTIA SUMMIT 2025:** accións de orientación e capacitación desenvolvidas no marco dun evento de referencia en materia de talento e emprego, orientadas á mellora da empregabilidade e ao achegamento ao mercado laboral.




Formación para Persoas Migrantes

Durante o ano 2025 desenvóléronse diversas accións formativas dirixidas a persoas migrantes, co obxectivo de mellorar as súas competencias lingüísticas, tecnolóxicas e sociais, favorecendo a súa integración social e laboral.

As principais formacións desenvolvidas foron:

- **Curso de Inmersión lingüística e habilidades dixitais (70h):** programa formativo que combina a aprendizaxe do idioma co uso das novas tecnoloxías, facilitando a adquisición de competencias necesarias para a comunicación cotiá e o acceso ao emprego.
- **Formación laboral e desenvolvemento de habilidades e ferramentas para a busca de emprego (50h):** acción formativa orientada ao coñecemento do mercado laboral, ao desenvolvemento de competencias básicas para a procura activa de emprego e á mellora da autonomía das persoas participantes nos seus procesos de inserción sociolaboral.



Entidade financiadora: CONCELLO DE SANTIAGO – Departamento de Emprego

SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL COLABORACIÓN CO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA

O Servizo Público de Emprego de Galicia, a través dunha rede de orientadoras e orientadores laborais, pon á disposición das persoas demandantes de emprego diversas ferramentas destinadas a mellorar o seu acceso ao mercado laboral. No marco desta colaboración, Plataforma polo Emprego desenvolve accións de orientación laboral baseadas nun acompañamento personalizado, adaptado ás necesidades e circunstancias de cada persoa usuaria, ao longo de todo o proceso de inserción laboral.

Obxectivo xeral:

Facilitar a inserción laboral das persoas en situación de desemprego, tendo en conta tres variables fundamentais: dispoñibilidade, ocupabilidade e empregabilidade, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e capacidade de adaptación ás demandas actuais do mercado laboral.

Persoas destinatarias:

Persoas en situación de desemprego que precisan apoio e orientación para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral ou para desenvolver iniciativas de emprendemento.

Actividades realizadas:

- ✓ Diagnóstico individualizado e elaboración de perfil profesional
- ✓ Deseño e acompañamento de itinerario personalizado para o emprego
- ✓ Asesoramento e información en materia de emprego
- ✓ Apoio para o emprendemento

RESULTADOS DA ACTUACIÓN:


Entrevistas realizadas

Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025 realizáronse un total de **609 entrevistas individuais de orientación laboral**, das cales **308** corresponderon a mulleres e **301** a homes.




Itinerarios personalizados para o emprego

No ano 2025 deseñáronse e acompañáronse **242 itinerarios personalizados de inserción laboral**, dos cales **132** foron de mulleres e **110** de homes.



Colocacións acadadas

Como resultado do traballo de orientación e acompañamento realizado, acadáronse **146 colocacións laborais ao longo do ano**, correspondentes a **83 mulleres e 63 homes**. Estes datos reflicten o impacto positivo do servizo na mellora da empregabilidade das persoas participantes e na súa incorporación ao mercado de traballo.



Entidade colaboradora: CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

TRABALLO DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL

PROGRAMA DE COOPERACIÓN

A través dos **Programas de Cooperación da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**, Plataforma polo Emprego contou cunha **traballadora social** na súa oficina de Santiago de Compostela durante un período de **9 meses** ao longo do ano 2025.

Durante este período, a profesional desenvolveu un labor fundamental no reforzo da atención ás persoas usuarias e no apoio ao funcionamento xeral da entidade.

As principais funcións realizadas incluíron:

- ✓ A orientación social e derivación a recursos e servizos complementarios, en coordinación con outros programas e entidades da rede.
- ✓ O apoio no deseño e desenvolvemento de accións formativas, incluíndo a planificación de actividades, a xestión de participantes e a coordinación lóxística das formacións.
- ✓ A colaboración na organización e no funcionamento interno da entidade, contribuíndo á mellora dos procedementos diarios.
- ✓ O apoio na elaboración de rexistros, seguimento de actuacións e recollida de información relevante para a realización das actividades.



PROMOCIÓN DO EMPREGO E O EMPRENDAMENTO

1. APOIO E ORIENTACIÓN PARA O EMPRENDAMENTO:

A través da Área de Promoción do Emprego e do Emprendemento ofrécese apoio integral a novas iniciativas empresariais mediante un servizo que combina información estratéxica e asesoramento especializado. Durante este último ano destacou o esforzo na difusión e xestión de axudas ao emprendemento. Este labor inclúe a guía na elaboración de plans de negocio, a análise da súa viabilidade, o acompañamento na procura de financiamento e o apoio nas relacións coa administración para facilitar a solicitude e obtención de axudas, así como o asesoramento técnico para establecerse como profesional autónomo. Ademais, incrementáronse as citas destinadas a perfilar ideas innovadoras, achegando valor engadido aos proxectos desde a súa xénese mediante un sistema de mentoría individualizada que fomenta o autoemprego, con especial atención aos colectivos en risco ou situación de exclusión social.



A actividade técnica do exercicio destaca pola súa diversidade e continuidade. Unha parte importante das consultas provén de persoas emprendedoras xa establecidas que acoden á entidade para resolver dúbidas recorrentes, xestión de axudas ou consultas de carácter técnico e administrativo antes de acudir á xestoría.

Reforzouse a atención telefónica e telemática como vía para axilizar a resolución de dúbidas puntuais sen necesidade de desprazamento.

A partir dunha base de 11 persoas en itinerarios intensivos, logrouse traballar sobre a viabilidade de 14 proxectos, culminando en 4 iniciativas con incidencia directa durante o ano.

Este labor de mentoría constante asegura que o tecido emprendedor local non só conte con apoio no momento do lanzamento, senón tamén nunha fase de consolidación e mantemento.

INDICADOR DE IMPACTO E XESTIÓN 2025

TOTAL DE BENEFICIARIOS	68
CONSULTAS E ATENCIÓNS TÉCNICAS REALIZADAS	68
PROXECTOS TITORIZADOS E ASESORADOS	14
PERSOAS ACOMPAÑADAS EN EMPRENDAMENTO	11
INICIATIVAS EMPRESARIAIS CON INCIDENCIA NO EXERCICIO	4

2. SERVICIO DE FOMENTO E PROMOCIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL:

Este servizo asume como misión estratéxica o deseño e execución de accións destinadas a consolidar as Empresas de Inserción Laboral (EIL) como piares fundamentais da economía social e ferramentas críticas para a inclusión de colectivos en situación de vulnerabilidade. No centro desta estratexia sitúase a labor de coordinación, xestión e apoio activo que a Asociación Plataforma polo Emprego exerce sobre Compostela Inserta; este proxecto, consolidado como un referente pioneiro en Galicia, é hoxe o máximo expoñente de como un modelo empresarial baseado na solidariedade pode xerar oportunidades reais de emprego e impacto social positivo. A Plataforma non só lidera a expansión e o desenvolvemento operativo desta empresa, senón que traballa na súa proxección nacional para situala como un modelo de éxito exportable a outros contextos.

Dende este núcleo operativo, o servizo desprega unha intensa actividade formativa e de sensibilización, orientada tanto a potenciar as competencias de novos emprendedores no modelo de inserción como a especializar a profesionais na súa xestión técnica. Este acompañamento tradúcese nun asesoramento continuo e personalizado durante todo o ciclo de vida das EIL, dende a súa creación ata a súa consolidación comercial mediante a exploración de novos nichos de mercado e o desenvolvemento de produtos innovadores que garantan a súa sustentabilidade económica.

Complementariamente, a Plataforma actúa como un axente dinamizador do mercado laboral convencional a través de labores de intermediación e xuntanzas institucionais, tanto co sector público como co tecido empresarial privado. O obxectivo é dobre: por unha banda, fomentar a creación de redes de apoio á economía social e, por outra, impulsar un cambio de mentalidade nas empresas ordinarias. Para isto, incídese na divulgación das vantaxes competitivas, axudas e incentivos fiscais derivados da contratación de persoas procedentes de colectivos vulnerables, facilitando así o seu tránsito final cara ao emprego convencional e garantindo a plena eficacia do itinerario de inserción iniciado no seo de Compostela Inserta e outros proxectos similares.



3. COMPOSTELA INSERTA: MODELO DE XESTIÓN E RETORNO SOCIAL

Compostela Inserta opera como o brazo executor da estratexia de economía social da nosa entidade, actuando como unha entidade prestadora de **Servizos de Interese Económico Xeral**, conforme ao establecido no **artigo 5 da Lei 5/2011, do 29 de marzo, de Economía Social**, e integrada plenamente no marco regulador da **Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia**. A súa configuración xurídica como **Sociedade Limitada**, lonxe de perseguir un fin mercantilista, responde á necesidade legal de adoptar

unha das formas previstas no ordenamento xurídico para a produción de bens e a prestación de servizos no mercado. Este modelo permítenos competir profesionalmente, xerando riqueza e actividade económica dentro da economía circular da nosa comunidade, ao tempo que aseguramos unha estrutura solvente e profesionalizada con vocación de crecemento. Como entidade estritamente **sen ánimo de lucro**, e de acordo coa normativa autonómica vixente, a xestión económica de Compostela Inserta está deseñada para que a eficiencia empresarial reverta directamente no impacto social; por iso, a totalidade dos excedentes xerados en cada exercicio destínase obrigatoriamente á mellora e ampliación das infraestruturas produtivas ou á promoción de actividades de inserción sociolaboral.



A **finalidade social** de Compostela Inserta constitúe o núcleo ético e a razón de ser da nosa actividade empresarial. Máis alá da produción de bens ou servizos, a empresa funciona como un laboratorio de aprendizaxe e empoderamento, deseñado para romper as barreiras de invisibilidade que afectan aos colectivos máis vulnerables. O noso obxectivo último é servir de **plataforma de transición**, onde o traballo protexido se converte nunha ferramenta pedagóxica que permite á persoa recuperar a súa autoestima, adquirir competencias profesionais de mercado e adestrar as habilidades sociais necesarias para o éxito no mercado laboral ordinario. Esta visión transformadora asegura que cada contrato asinado non sexa un fin en si mesmo, senón un paso decisivo cara á cidadanía plena e o dereito a un proxecto de vida digno.


No que respecta ás **persoas beneficiarias**, o noso modelo de intervención sitúa ao individuo no centro de todo o proceso produtivo, traballando directamente con persoas en situación ou risco de exclusión severa para quen a empresa representa unha oportunidade real de retorno ao sistema produtivo. O noso modelo de **acompañamento personalizado** é a clave deste éxito: un equipo multidisciplinar monitoriza non só o rendemento laboral, senón tamén a situación psicosocial de cada traballador e traballadora, proporcionando un soporte constante que permite abordar e resolver os obstáculos persoais que dificultan a súa integración. Este acompañamento integral garante que a inclusión sexa real e sostible no tempo, facilitando o acceso a oportunidades de emprego mediante itinerarios de inserción que inclúen formación profesional e o desenvolvemento de hábitos sociais fundamentais.

Finalmente, a labor de Compostela Inserta supón un **retorno estratéxico para a Administración Pública** ao transformar as políticas pasivas en políticas activas de emprego. Ao fomentar a inclusión real, a empresa optimiza o uso dos recursos públicos, reducindo a dependencia de prestacións sociais e incrementando a autonomía económica dos colectivos máis vulnerables. Este modelo non só fortalece a cohesión social e a sustentabilidade dos territorios onde operamos, senón que demostra que a economía social, baixo a xestión directa da **Asociación Plataforma polo Emprego**, é a ferramenta máis eficaz para converter o investimento público en benestar social tanxible e rendibilidade colectiva para toda a sociedade.

4. SERVICIOS E LIÑAS DE ACTIVIDADE DE COMPOSTELA INSERTA

Compostela Inserta consolídase no mercado como unha entidade polivalente e altamente profesionalizada, capaz de ofrecer solucións técnicas de calidade a través de diversas liñas de negocio que actúan como o escenario real para a profesionalización do noso persoal. Durante este exercicio, a nosa actividade empresarial diversificouse nas seguintes áreas estratéxicas:

- **Servizo de Limpeza e Desinfección Profesional:** Ofrecemos solucións integrais de mantemento para empresas, oficinas, comunidades de propietarios e establecementos comerciais. A nosa operatividade abrangue dende mantementos preventivos diarios ou semanais ata intervencións especializadas como a limpeza de cristais ou limpeza de fin de obra, asegurando sempre un alto estándar de calidade e unha total adaptación ás especificidades técnicas de cada cliente.




- **Transporte de Mercadorías e Montaxe de Exposicións:** Prestamos servizos profesionais de loxística e transporte tanto para particulares como para administracións públicas. Esta liña destaca pola súa versatilidade, garantindo un servizo personalizado que inclúe a manipulación técnica necesaria para a montaxe de exposicións e eventos, onde a precisión e a puntualidade son os nosos acenos de identidade.



- **Recollida e Transporte de Aceite Vexetal Usado:** Mantemos un firme compromiso coa economía circular mediante a recollida de aceite de cociña usado en sectores como a hostalaría, a restauración ou a educación, principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra. Este servizo crea unha cadea de valor social e ambiental única, xa que o residuo destínase á valorización final na Cooperativa Mulleres Colleiteiras, reforzando así a colaboración entre entidades de economía social que loitan contra a exclusión.



- **Acondicionamento Integral de Locais e Vivendas:** Ampliamos a nosa capacidade de intervención en espazos privados e profesionais, ofrecendo servizos de pintura, desescombros e axuda técnica no despexe de espazos. Así mesmo, contamos con equipos especializados na asistencia para a montaxe de mobiliario, proporcionando unha solución integral para particulares ou empresas que precisan poñecer a punto as súas instalacións cun servizo áxil e profesional.



- **Reparto de Materiais e Logística de Proximidade:** Desenvolvemos labores de distribución e reparto de materiais de diversa índole, colaborando activamente tanto en campañas institucionais das administracións públicas como en proxectos específicos para asociacións de persoas empresarias e clientes particulares. Este servizo de distribución estratéxica permite conectar as necesidades de comunicación e loxística das entidades coa eficiencia operativa da nosa empresa de inserción.

A contratación destes servizos non só garante un resultado profesional de excelencia, senón que permite aos nosos clientes cumprir cos seus obxectivos de Responsabilidade Social Corporativa e coa reserva de contratos prevista na normativa vixente, convertendo cada encarga nun motor directo de inclusión laboral e impacto social positivo na nosa comunidade.

TRABALLO EN REDE E ACCIÓN SOCIAL

Participante das accións pola Dignificación do Emprego do Fogar e Promoción do Asociacionismo

A Asociación **XIARA de Traballadoras do Fogar e dos Coidados** nace no ano 2004 como resultado dun proceso previo de sensibilización e mobilización social promovido pola **Plataforma pola Dignificación do Emprego do Fogar**, rede creada no ano 2001 e integrada por diversas organizacións sociais e sindicais. Esta plataforma xorde coa finalidade de mellorar as condicións laborais e sociais das persoas traballadoras do fogar, un sector historicamente invisibilizado e cun recoñecemento insuficiente dos seus dereitos.



A **Plataforma polo Emprego** foi unha das entidades impulsoras deste movemento asociativo, promovendo a creación de asociacións como XIARA, que ao longo dos anos contribuíron de maneira significativa á visibilización do sector, á defensa dos dereitos das traballadoras do fogar e dos coidados e ao avance na percepción social deste ámbito laboral como un traballo esencial.

Obxectivo principal

O obxectivo fundamental da Asociación XIARA é o estudo, a promoción e o desenvolvemento de accións encamiñadas a **mellorar e transformar a situación sociolaboral das persoas traballadoras do fogar e dos coidados en Galicia**. Para iso, a asociación impulsa iniciativas de apoio, acompañamento, formación, sensibilización social e creación de espazos colectivos de participación.



Principais actividades desenvolvidas en 2025


Durante o ano 2025, a Asociación XIARA mantivo un compromiso constante coa defensa dos dereitos das persoas traballadoras do fogar e dos coidados, desenvolvendo actuacións en distintos ámbitos de intervención:

- 1. Asesoría sociolaboral e orientación laboral:** prestouse apoio individualizado tanto a traballadoras/es do fogar e dos coidados como a persoas empregadoras e a persoal técnico de intermediación laboral que contactaron coa entidade para informarse sobre a normativa vixente. Os contidos abordados incluíron, entre outros, as modalidades de contratación, salarios, elaboración de nóminas, dereitos e deberes laborais, aspectos relacionados coa Lei de Dependencia e orientación sobre necesidades de atención a persoas en situación de dependencia.



2. **Actividades formativas, informativas e de sensibilización:** desenvóléronse accións orientadas á mellora do coñecemento normativo e á dignificación do sector. Destaca a colaboración no programa **“Acaroar” da Plataforma polo Emprego**, no que XIARA participou proporcionando asesoramento e información sobre a lexislación e as actualizacións normativas que regulan o réxime especial do servizo do fogar familiar.

3. **Dinamización e creación de espazos seguros de participación:** impulsouse a creación de espazos colectivos dirixidos ás persoas traballadoras do fogar e dos coidados, favorecendo o apoio mutuo, o fortalecemento persoal e a construción de redes. Neste marco desenvolveuse o **grupo “Erguidas”**, activo entre xaneiro e marzo de 2025, composto por catro encontros nos que se traballaron procesos de autoconhecimento, expresión de experiencias vitais individuais e grupais, reforzo persoal e colectivo, así como a expresión artística como canle de comunicación e cohesión intergrupala.



4. **Sesións informativas e actividades de difusión cultural e social:** a Asociación XIARA participou en diversas accións de difusión e sensibilización en colaboración con outras organizacións de Galicia e do conxunto do Estado. Entre elas, destaca a colaboración co **Foro Galego de Inmigración** na actividade **“Conversatorios coa poboación inmigrante”**, centrada na situación sociolaboral das traballadoras do fogar e dos coidados, tendo en conta que arredor do 70 % deste colectivo está composto por mulleres de orixe estranxeira. Este encontro realizouse xunto coa Asociación SEDOAC de Madrid, Movilidad Humana de Ferrol e outras entidades do ámbito da inmigración.

Así mesmo, XIARA participou activamente na rede estatal **“Tecendo Dereitos”**, integrada por organizacións, grupos e asociacións de traballadoras do fogar e dos coidados, co obxectivo de fortalecer a incidencia colectiva e a defensa dos dereitos do sector.

Estas actuacións tiveron un impacto directo nas persoas participantes e contribuíron, ao mesmo tempo, á sensibilización social e ao impulso de cambios nas políticas públicas relacionadas co emprego do fogar e dos coidados.



Unha rede de apoio e sensibilización

O **Foro Galego de Inmigración** está conformado por diversas entidades de carácter social, sindical e político, cun obxectivo principal: sensibilizar á sociedade sobre a realidade das persoas migrantes e emigrantes retornadas, promovendo a súa integración e defendendo os seus dereitos. Ao longo dos anos, esta rede converteuse nun espazo fundamental para o diálogo, a denuncia e a promoción de políticas inclusivas en Galicia.

Principais actividades realizadas:

Durante o ano 2025, o Foro desenvolveu numerosas accións enfocadas na visibilización, formación e creación de espazos de encontro, entre as que destacan:

- **25 de abril - 26 de abril:** Semana de Loita contra as Fronteiras "*Racismo institucional*", tratando dun xeito especial o tema do empadramento en relación coa vivenda coa participación de diferentes compañeiras da Rede Estatal Padrón por Dereito e con actos en Compostela, Ferrol e A Coruña
- **Encontros presencias a nivel galego**, para dinamizar as actividades do Foro e deseñar as liñas de traballo, desenvolvidos o día 7 de Xuño e o 27 de Setembro en Santiago de Compostela.
- **Festival Intercultural en Santiago (07 de setembro)**
Dentro do *Programa Compostela Convive*, o Foro organizou o tradicional festival na Alameda de Santiago. Este evento, pensado como un espazo de encontro e lecer para familias, promoveu a interculturalidade a través da música, a gastronomía e diversas actividades participativas. Nesta ocasión estendemos a participación a 10 comunidades migrantes da cidade e o entorno de Compostela
- **Conversatorios con poboación migrante**
Ao longo do ano realizáronse encontros e conversas con persoas migrantes sobre temas clave como os dereitos laborais, o acceso a servizos públicos e os cuidados. Estes espazos permitiron compartir experiencias, identificar problemáticas comúns e propoñer solucións colectivas.
- **Xornadas interculturais**
Tamén dentro do *Programa Compostela Convive*, nesta edición, tiveron lugar diferentes actividades culturais que puxeron o foco na promoción do diálogo intercultural, co fin de fomentar a convivencia e visibilizar a riqueza da diversidade de culturas que compón a cidade. Deste xeito, sucedéronse un conxunto de actividades que, dende diferentes áreas –teatro, literatura e gastronomía–, abordaron a importancia de crear espazos diversos e libres de prexuízos.
- **Colaboración en redes de defensa de dereitos sociais**
 - **Rede Galega en Defensa do Dereito á Saúde:** o Foro participou activamente nesta plataforma reivindicando o acceso universal e igualitario á sanidade pública.
 - **Rede en Defensa das Persoas Refuxiadas:** como parte desta rede, contribuíu á visibilización da realidade das persoas refuxiadas en Galicia e á denuncia das políticas migratorias restritivas.
 - **Rede Estatal polo Dereito ao Empadramento:** o Foro converteuse no ano 2025 nunha peza chave desta Rede Estatal que loita polo dereito ao empadramento como un mecanismo esencial para garantir o acceso a dereitos básicos como a saúde, a educación e a protección social.
 - **Grupo Compostela por Palestina:** O Foro continuou a traballar arreo con este colectivo compostelán que traballa na visibilización da causa palestina, denunciando a vulneración dos dereitos humanos e promovendo accións de solidariedade internacional.



Todas estas accións reflicten o compromiso do Foro Galego de Inmigración coa xustiza social, a igualdade de dereitos e a construción dunha sociedade máis inclusiva e diversa.



DATOS DAS ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS 2025

Durante o ano 2025, a Asociación Plataforma polo Emprego desenvolveu a súa actividade a través dos programas **Emerxendo/Achegando** e **Insire**, atendendo a unha poboación ampla e diversa, maioritariamente en situación de vulnerabilidade social e laboral.

Participación e alcance do servizo


No exercicio 2025 mantivéronse **1.268 persoas usuarias en activo**, das cales **160 foron novas incorporacións** ao servizo de orientación laboral. Estes datos reflicten non só a continuidade da intervención con persoas atendidas en anos anteriores, senón tamén a capacidade da entidade para **xerar confianza, atraer novas persoas usuarias e dar resposta a necesidades emerxentes** no ámbito da inserción sociolaboral.

Desde unha perspectiva de xénero, obsérvase unha **maior presenza de mulleres**, que representan **785 participantes fronte a 483 homes**, unha tendencia que se mantén tamén entre as novas altas do ano (83 mulleres e 77 homes). Este dato pon de manifesto o papel da Plataforma como **recurso clave de apoio á empregabilidade feminina**, especialmente en contextos de maior vulnerabilidade.



Perfil de idade das persoas participantes


A franxa de idade maioritaria sitúase entre os **36 e os 54 anos**, cun total de **580 persoas**, o que evidencia a necesidade de acompañamento laboral en etapas vitais marcadas por traxectorias profesionais interrompidas, procesos migratorios, responsabilidades familiares ou dificultades de acceso ao mercado laboral. Neste grupo destaca novamente a participación feminina. Pola contra, o grupo con menor representación é o das persoas menores de 25 anos (**80 participantes**), aínda que con maior presenza de homes, o que reforza a importancia de **adaptar as estratexias de orientación ás distintas etapas vitais**.



Nacionalidade e diversidade de orixes

A poboación atendida en 2025 caracterízase pola súa **alta diversidade cultural e xeográfica**. A maior parte das persoas usuarias proceden de **América (582)**, seguidas das persoas de **Galicia (299)**. A presenza de persoas procedentes doutras áreas como Europa, África e Asia, aínda que minoritaria, confirma o carácter **intercultural e inclusivo** da intervención da entidade.


Este contexto require un acompañamento especializado que teña en conta non só os aspectos laborais, senón tamén os **procesos administrativos, formativos e de adaptación ao contexto sociolaboral galego**.



Nivel académico e apoio á homologación de estudos


En relación co nivel académico, destaca que **612 persoas carecen de estudos ou presentan estudos non homologados**, o que supón unha barreira significativa para o acceso ao emprego cualificado. Ante esta realidade, o servizo de orientación laboral da Plataforma polo Emprego desenvolveu un **traballo específico de acompañamento nos procesos de homologación e recoñecemento de títulos estranxeiros**.

Ao longo de 2025, apoiouse ás persoas usuarias na recompilación da documentación académica nos países de orixe, na xestión do **apostilamento da Haia**, así como na **tradución oficial de documentos mediante tradutores xurados**, especialmente en países como Brasil. Este labor supón un **impacto directo na mellora da empregabilidade**, abrindo novas oportunidades formativas e profesionais para as persoas participantes.



Procedencia das persoas usuarias


Un dos indicadores máis relevantes do impacto social da entidade é a **procedencia das persoas participantes**. Do total de 1.268 persoas atendidas, **685 chegaron á Plataforma a través doutras persoas usuarias**, o que evidencia un elevado nivel de satisfacción e confianza no servizo prestado. Así mesmo, destaca a derivación por parte de entidades e administracións públicas como Cáritas, o Concello de Santiago de Compostela, Cruz Vermella e outras entidades sociais, así como doutros departamentos da propia Plataforma, reforzando o **traballo en rede e a coordinación interinstitucional**.



Insercións no mercado laboral

No ano 2025 rexistráronse **351 incorporacións ao mercado de traballo**, resultado directo do acompañamento individualizado, da intermediación laboral e do traballo coordinado cos distintos programas. Estas insercións distribuíronse entre o **Servizo Público de Emprego (146)**, **Inclusión Social – Programa Emerxendo (132)**, o **Programa Insire (63)** e a Empresa de Inserción Laboral **Compostela Inserta (10)**, cumprindo esta última un papel fundamental no acceso ao emprego de persoas en risco de exclusión social.

Desde unha perspectiva de xénero, as insercións beneficiaron maioritariamente a mulleres, reforzando o compromiso da entidade coa **igualdade de oportunidades e a mellora da autonomía económica feminina**.



Valoración global

En conxunto, os datos do ano 2025 reflicten o **impacto social sostido da Asociación Plataforma polo Emprego**, que continúa a ser un recurso de referencia na inserción sociolaboral de persoas en situación de vulnerabilidade. A través da orientación laboral, da formación, da coordinación con entidades públicas e privadas e da creación de espazos de encontro sociolaboral, a entidade contribúe activamente á **construción de itinerarios realistas de inclusión e emprego**.

A Asociación Plataforma polo Emprego expresa o seu agradecemento a todas as entidades colaboradoras, ao tecido institucional e social, e ás persoas participantes que fixeron posible o desenvolvemento das actividades e proxectos ao longo do ano 2025.

En conxunto, os datos do ano 2025 reflicten o **impacto social sostido da Asociación Plataforma polo Emprego**, que continúa a consolidarse como un recurso de referencia na inserción sociolaboral de persoas en situación de vulnerabilidade. O volume de entrevistas realizadas, o número de itinerarios personalizados desenvolvidos e as colocacións acadadas evidencian a eficacia dun modelo de intervención baseado no acompañamento individualizado, na planificación estruturada e na coordinación en rede.

Ao longo do ano, a entidade reforzou a súa capacidade de resposta ás necesidades cambiantes das persoas participantes, ofrecendo orientación técnica, apoio formativo e espazos de traballo orientados á mellora da empregabilidade. A perspectiva personalizada aplicada - que ten en conta factores persoais, sociais e profesionais - permitiu construír procesos de inserción realistas, sostibles e adaptados ás circunstancias de cada persoa.

Cómpre destacar tamén o valor da colaboración institucional e do traballo en rede, elementos clave para ampliar oportunidades, optimizar recursos e xerar sinerxías que fortalecen o impacto das actuacións desenvolvidas.

A **Asociación Plataforma polo Emprego** expresa o seu agradecemento ás entidades colaboradoras, ao tecido institucional e social, e ás persoas participantes que fixeron posible o desenvolvemento das actividades e proxectos ao longo do ano 2025.

Coa experiencia acumulada e os resultados acadados, a entidade afronta o próximo exercicio coa vontade de seguir mellorando, innovando nas súas metodoloxías de intervención e contribuíndo, de maneira responsable e comprometida, á inclusión sociolaboral en Galicia.

FINANCIAMENTO

Concedido

2025

ORGANISMO	CONTÍA
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais	52.161,96 €
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego	28.949,97 €
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE Dirección Xeral de Inclusión Social	134.987,86 €
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	53.798,73 €
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	11.760,38 €
FUNDACIÓN JOSÉ OTERO-CARMELA MARTÍNEZ	3.000,00 €



Plataforma polo Emprego
G 15795818

Rúa Concheiros, 33 1º andar
CP 15703 Santiago de Compostela
A CORUÑA

981 580 506
info@plataformapoloemprego.org